

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS DE CUSTO PARA A MOBILIDADE DO PERSOAL DOCENTE (STA) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE ERASMUS**

### **CURSO 2009/2010**

A Universidade da Coruña publica a convocatoria de **axudas de custo** para fomentar a mobilidade con fins docentes (Erasmus Staff Mobility for Teaching) no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente Erasmus para o curso 2009/2010.

#### **OBXECTIVO**

O obxectivo desta convocatoria consiste en fomentar a dimensión internacional da Universidade da Coruña, favorecendo a mobilidade do profesorado da Universidade da Coruña cara a outros centros de ensino superior pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior co fin de realizar labores docentes.

#### **CENTROS DE DESTINO**

Os centros de destino para os efectos desta convocatoria serán aquelas institucións de educación europeas con que existe un acordo bilateral no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente Erasmus. Os convenios relaciónanse no anexo I.

Advírtese que os convenios poden estar suxeitos a modificacións e actualizacións, polo que se recomenda, en caso de dúbida, que se consulten as posibilidades de mobilidade na Oficina de Relacións Internacionais.

#### **REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

O persoal docente deberá formar parte da nómina da Universidade da Coruña.

A persoa solicitante deberá presentar un plano de traballo (segundo o anexo 2) en que se detallarán os seguintes aspectos: obxectivo xeral, obxectivo específico, resultados agardados en materia de formación e de aprendizaxe, actividades que se van realizar e programa que se levará a cabo.

A persoa solicitante deberá acordar o plano de traballo e o programa coa institución de ensino superior de destino e deberá obter unha carta de invitación desta.

A actividade na institución da Unión Europea realizarase obrigatoriamente antes do 31 de xullo de 2010. Fóra desta data a actividade non será financiada.

#### **DURACIÓN DA ESTADÍA**

As axudas concederanse por unha estadía dun máximo dunha semana (5 días lectivos). En total a impartición de docencia será como mínimo de cinco horas lectivas.

#### **CONDICIÓNS ECONÓMICAS E IMPORTE DAS AXUDAS**

Esta axuda consiste nunha contribución para cubrir parte dos gastos de desprazamento, aloxamento e manutención durante o período de realización de labores docentes nunha institución de ensino superior europea.

As axudas serán financiadas con cargo á partida orzamentaria da UDC n.º 9870.990204-422D-48003, por un importe inicial de 35 000 euros, que será completado posteriormente con fondos procedentes da OAPEE.

O importe da axuda calcularase sobre a base de axudas de custo diarias, axustándose aos importes máximos establecidos e mais os gastos de viaxe. Para os efectos deste cálculo non se pagarán os días non docentes, agás se son días de viaxe.

Estas axudas de custo non están suxeitas a retencións do IRPF por seren axudas destinadas exclusivamente a compensar gastos de viaxe, aloxamento e manutención. Os importes das axudas calcularanse segundo os importes seguintes:

### **Axudas de viaxe**

Concederanse conforme aos gastos reais. En calquera caso, a axuda máxima total non poderá superar as seguintes cantidades:

- Portugal: 150 euros
- Bulgaria, Eslovaquia, Eslovenia, Grecia, Hungría, Irlanda, Letonia, Lituania, Polonia, Rep. Checa, Romanía, Turquía: 350 euros
- Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Francia e Italia: 300 euros
- Resto dos países da UE: 250 euros

### **Axudas de manutención e aloxamento**

Os importes máximos das axudas corresponderán aos regulados no BOE número 2, do 3 de xaneiro de 2006.

### **PAGAMENTO**

O pagamento das axudas farase por transferencia bancaria. A persoa que así o solicite, poderá obter –na medida das posibilidades– un adianto do 80% do importe da axuda de custo, recibindo o 20% restante unha vez xustificada a estadía no centro de destino. A persoa que non solicite o adianto recibirá o 100% da axuda de custo á volta da estadía e unha vez que esta estea xustificada.

### **DOCUMENTACIÓN**

A persoa solicitante deberá presentar a documentación seguinte:

- Impreso de solicitude (anexo 2)
- Carta de invitación ou carta de aceptación da institución de acollida en que constará o motivo e o obxectivo da mobilidade STA e en que se especificarán as datas previstas para a estadía.

### **SELECCIÓN**

Daráselles prioridade ás solicitudes que contribúan ao seguinte:

- a formación nos programas de estudos conducentes á obtención dun título na institución de destino;
- a produción de materiais didácticos e a innovación pedagóxica;
- a consolidación dos vínculos entre departamentos e centros e sirvan para preparar futuros proxectos de cooperación;
- a fomentar a formación complementaria do persoal docente da UDC.

Así mesmo, e co obxecto de que as axudas beneficien o maior número posible de solicitantes, daráselle prioridade á persoa que solicite unha mobilidade STA por primeira vez.

### **COMISIÓN**

A Comisión de selección estará formada por:

- M<sup>a</sup> José Martínez López, vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais
- Bertha Guijarro, directora da Oficina de Relacións Internacionais
- Sandra King, responsable técnico da Oficina de Relacións Internacional
- Diego Varela, técnico da mesma Oficina

- O correspondente coordinador académico Erasmus que figura no anexo 1, segundo a mobilidade solicitada.

## **RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN**

As concesións comunicaránelles por escrito directamente ás persoas interesadas. Asemade publicárase a resolución de concesións en [www.udc.es/ori](http://www.udc.es/ori).

## **ACEPTACIÓN**

A aceptación ou a renuncia á axuda deberá notificarse por escrito (segundo o modelo do anexo III).

As persoas beneficiarias deberán asinar na Oficina de Relacións Internacionais un convenio financeiro coa Universidade da Coruña.

No caso de renuncia, a axuda poderá ser adxudicada a outra persoa solicitante, sempre que cumpra os requisitos establecidos na convocatoria.

## **OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

Tras a realización da estadía a persoa beneficiaria presentará na Oficina de Relacións Internacionais a seguinte documentación:

- Xustificación de gastos de desprazamento (factura ou recibo do pagamento da viaxe, tarxetas de embarque, recibos de autoestrada, etc.).
- Xustificación de gastos de aloxamento (factura ou recibo do pagamento do aloxamento).
- Unha certificación de fin de estadía segundo o modelo do anexo IV
- Un informe da persoa beneficiaria sobre as actividades realizadas segundo o modelo que se lle facilitará na Oficina de Relacións Internacionais xunto co convenio financeiro que se asinará previo á mobilidade.
- Un recibo xustificante do cobramento da axuda.

## **PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Esta convocatoria permanecerá aberta desde o primeiro día da súa publicación na web da UDC ata o **30 de xuño de 2010** ou ata esgotar o total da partida orzamentaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus de Elviña (Casa do Lagar, 15071, A Coruña) ou do campus de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol).

A Coruña, 8 de outubro de 2009

O reitor

José María Barja Pérez

## **ANEXOS**

Anexo 1: Relación informativa de convenios bilaterais Erasmus asinados con universidades europeas para mobilidade de persoal docente (STA) 2009/2010 (verifique coa ORI as actualizacións da oferta durante o curso).

Anexo 2: Modelo de solicitude de axuda de custo para a mobilidade de persoal docente (STA) no marco do programa LLP/Erasmus.

Anexo 3: Modelo de aceptación ou renuncia

Anexo 4: Modelo de certificado de fin de estadía